

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, TERMALISMO E MEDIO AMBIENTE**

**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **14 de decembro de 2023**

Ás 17.15 horas do día 14 de decembro de 2023, réunese a Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. Luís Menor Pérez

### **Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias

D.<sup>a</sup> Patricia Torres Madureira

D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> del Carmen González Quintela

D.<sup>a</sup> Teresa Barge Bello

### **Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Álvaro Vila Araújo

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D. Aurenitno Alonso Araújo

D.<sup>a</sup> Marina Vaz Quintillán

### **Deputados/as do BNG:**

D.<sup>a</sup> María José Mangane Guede

D. Xosé Manuel Puga González

### **Deputados de Democracia Ourensana:**

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

**Secretario:** D. Adamantino Barreiro García

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Rosendo Luís Fernández Fernández, que é substituído por don Manuel Seoane Rodríguez.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 16 DE NOVEMBRO DE 2023.-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de novembro de 2023.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente do día 16 de novembro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA**.- Non se presentan.

**3º.- ROGOS E PREGUNTAS**.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**D.<sup>a</sup> María José Mangana Guede, do BNG:** respecto a MEISA, pregunta en que situación está a Deputación Provincial e que proxectos hai para Cabeza de Manzaneda.

**O Sr. presidente** responde que respecto a situación accionarial, estamos na mesma posición na que estábamos, non houbo ningunha modificación. Engade que están mellorando as prestacións e o rendemento da estación. Tras o cambio de xestión indirecta a directa, os datos económicos que nos chegan son moito mellores, reduciuse o gasto de funcionamento, e estamos nun equilibrio de ingresos e gastos; outra cousa é a débeda que se arrastra. Engade que o bo funcionamento da estación está estabilizado, respecto ao balance de ingresos e gastos, que é un punto importante e teñen que avanzar no tema financeiro e cancelar a débeda. Di que estamos traballando con Turismo para buscar novas alternativas non ligadas tanto á estación de esquí, que está afectada polo cambio climático, pero a estación de montaña ten moitas posibilidades e moitas prestacións. Indica que se pasou un borrador con ideas e pedíronlle a Turismo, que se implique na mellora da xestión para que a estación de Manzaneda sexa o máis rendible posible e teña efectos dinamizadores, xa que está nunha zona xeográfica onde non sobran oportunidades.

**Don Xosé Manuel Puga González, do BNG:** pregunta pola incoación de dous expedientes sancionadores contra a Deputación Provincial de Ourense por parte da Confederación Hidrográfica, que se comunicou o 30/11/2023. O primeiro é polo incumprimento dunha condición na autorización dunhas obras que se fixeron no pantalán no dominio público de

Laias, e o segundo é por unhas obras de instalación de peche que se fixeron no citado pantalán, é pide información. Engade que lle gustaría ter acceso á instrución do expediente sancionador, e que lle gustaría saber de onde parte, imaxina que é de hai anos. Di que pedirán acceso por escrito.

**O Sr. presidente** responde que o expediente o abriu a Confederación, e non ten coñecemento destas actuacións. Engade que na práctica diaria que se abra un expediente por incumprimento dunha condición, non supón que logo se funcione. O expediente téñeno os servizos xurídicos, e indícalle que pidan acceso a este e eles estarán encima deste tema. Engade que aos concellos se lles abren moitos expedientes por distintas administracións.

**D. Xosé Manuel Puga González, do BNG:** indica que non é unha denuncia de parte, senón unha petición de aclaracións ao respecto. Di que se dá a circunstancia da situación do pantalán como do valado do pantalán. Alí hai un ámbito privado dunha empresa que se debe conxugar co uso público, e débese regularizar polo interese privado e público. Pedirán o acceso ao expediente. Ignora de que ano é.

**D.<sup>a</sup> María José Mangana Guede, do BNG:** indica que os veciños de Xunqueira de Ambía din que se están facendo reunións para a implantación dunha planta de biogás na zona, e preguntan se teñen algún coñecemento ou información sobre este tema.

**O Sr. presidente** responde que dende a Presidencia non ten ningunha.

**D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista:** indica que unha vez publicado e convocado o programa ESQUIOU 2024 da Deputación de Ourense, e respecto ao programa 2023 pregunta: ¿Cantos participantes tivo en total este programa na edición 2023? ¿Cantos participantes asistiron en cada quenda segundo as comarcas indicadas na convocatoria? ¿Cal foi a comarca, segundo a división que se facía no programa, onde máis solicitudes se presentaron? ¿quedaron algúns solicitantes sen praza para poder participar?

**O Sr. presidente** responde que pedirá os datos e un informe. Este ano o programa foi un éxito total e engade que se cubriron todas a prazas, este ano saíron setecentas e pico prazas, pero agora mesmo os datos que lle piden non os ten, toma nota e os facilitará.

E, ás 17.25 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

